

No borde sur occidental de Asturias, entre os límites da reserva natural de Muniellos e a recentemente nada cordilleira Cantábrica, atópase a aldea de Sisterna, na que faremos base para a saída deste fin de semana. Ao sur as extensas e sombrías abas do cordal cantábrico son un magnífico escenario de montañas, lagoas e brañas. Ao sur a reserva integral de Muniellos, que limita coa serra do Pico Candanosa agoira un bosque protexido e un patrimonio natural de máximo valor.

Descripción dos percorridos

1.- LAGOAS DE SISTERNA E CUETO MULAR.
Saíremos andando de Sisterna, remontando unha aba para entrar nun fermoso e longo val a xeito de "U", que abandonaremos para coller altura pola marxe esquerda. A braña de abaixo será a precursora da braña de arriba e esta das fermosas lagoas de Sisterna, tamén chamadas de Tabledo, da Braña ou da Moredina. A imaxe das lagoas contrasta os farallóns do cordal é espectacular, polo contraste entre a serenidade das lagoas e o respo do cantís da cordilleira. Opcionalmente poderemos subir, por un agochado e serpeante sendeiro, á cordal para observar as "maseirugas", extraña formación xeolóxica no mesmo canto da aresta, e tamén opcionalmente subir ao Cueto Mular, o vértice máis esgrevio deste cacho de cordilleira.

2.- O BERCE DA CORDILLEIRA CANTÁBRICA

A cordilleira Cantábrica, que tantas ledicias e días de montaña nos ofreceu a todos aqueles que fomos ou somos montañeiros, nace xusto onde morre a serra de Ancares, alí onde esta se xunta con outras catro serras, as de Mingatón, Corredoira, Cienfuegos, e Bruteira. A confluencia é a modo de gigantesca estrela de mar. Como non, hai que visitar o seu berce, e percorrer tres ou catro dos seus primeiros quilómetros. E aí vai esta actividade.
Desde a campa de Tormaleo subiremos ata o porto de Cienfuegos usando as pistas feitas nos anos 60 de século pasado para o teleférico mineiro, un dos grandes retos desa época, e que hoxe está esquecida da memoria colectiva, agás da dos maiores. Xa na cordal, seguiremos por carreiros ata o alto da Pesca; veremos o imponente primeiro quilómetro da cordilleira cantábrica, que transcorre por unha doada aresta co pano de fondo do Pico Miravalles. A pequena lagoa de Chagúezos será o fito final. Para baixar elixiremos entre o cavorco do rego de Luiña, o antigo porto de Cienfuegos (o camiño de antes dos anos 60), ou a de volver por onde subimos.



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

PONTE DE MAIO



3.-NAS EXTREMAS DE MUNIELLOS OU NA PROCURA DE FRANCINE.
Nos confins da reserva natural de Muniellos, onde as pegadas e excrementos do oso e do raposo son ben doadas de atopar nos carreiros, onde se pode ouvir o rexoubo do porco teixo ou da xeneta e sentir o voar da garza, onde nos bosques escoitase o silencio que agoira que algún bicho nos está aseando, alí nunhas paraxes nas que a natureza se escribe con "N" maiúscula, iremos á procura de Francine, unha muller francesa que vive en illamento absoluto compensado dábondo por vivir nun paraíso natural con auga e ar impolutos. Tamén hai eremitas na actualidade e imos na súa procura.

Os relitos bosques, o serpeante río Ibias do que percorren un bo treito, unha aldea deshabitada que naceu a carón dunha mina romana cunha grande fenda no teso da montaña e unhas paisaxes naturais abraiantes, serán o pano de fondo no que nos moveremos. Termos moito coidado de non pasar os límites da reserva, nin de incomodar a fauna que alí vive.

ALOXAMENTO

O aloxamento será no Hotel rural "O Tixileiro" de Sisterna que conta magníficas instalacións e ata un museo etnográfico.
Web:<http://www.tixileiro.com/>. Tf. 985 818707

Monitor: Argimiro Rías

PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ 17 de maio 2015: Subida a O Iroite (CO)
- ✓ 7 de junio 2015: Fraga da Marronda (LU)
- ✓ 19-21 de junio 2015: Picos de Europa (AS)
- ✓ 28 de junio 2015: Recorrido O Vicedo (LU)
- ✓ 13 de setembro 2015: Arredores de Boiro (CO)
- ✓ 19-20 de setembro 2015: Arredores da Guardia (PO)
- ✓ 4 de outubro 2015: Arredores de Arnoia (OU)
- ✓ 25 de outubro 2015: Arredores da Merca (OU)
- ✓ 15 de novembro 2015: Souto de Cruzul (LU)
- ✓ 13 de decembro 2015: De Carme a Ponteceso (CO)


Este calendario es orientativo y, puede estar sujeto alguna modificación a lo largo de su desarrollo, tanto en el trayecto, como en la fecha, por lo que se recomienda, consultar la web del club para mas detalles

30 de abril a 3 de maio de 2015

SISTERNA, ENTRE MUNIELLOS E A
CORDILLEIRA CANTÁBRICA
(ASTURIAS)




Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



1- LAGOS DE SISTERNA E CUETO MULAR





3.-NAS EXTREMAS DE MUNIELLOS OU NA PROCURA DE FRANCINE